



**ASUNTO:** INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DO SOBRE B) SUBTITULADO “CRITERIOS NON EVALUABLES MEDIANTE FÓRMULAS”

**PROXECTO:** RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNNS DE ALUMEADO EXTERIOR EN DUMBRÍA

**EXPEDIENTE** 2/2019

**01. ANTECEDENTES** Na mesa de Contratación, celebrada con data do 29 de outubro de 2019, acórdase por unanimidade dos membros realizar o presente informe técnico no que se valora o contido do sobre “B” (programa de traballo e subcontratación con centros especiais de emprego de iniciativa social ) presentado polas diferentes empresas licitadoras no procedemento aberto *RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNNS DE ALUMEADO EXTERIOR EN DUMBRÍA*.

**02. VALIDACIÓN DOCUMENTAL** Ademais da copia simple do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que regula este procedemento, a documentación do expediente administrativo facilitada consiste en copia do proxecto que serve de base para a licitación da obra e a incluída nos diferentes sobres “B”, en formato dixital, das ofertas presentadas polas empresas licitadoras.

A citada documentación incluída no sobre “B” pertence as ofertas que, resultando admitidas polo órgano de contratación despois de substanciados os trámites de solvencia e demais aos que fan referencia no sobre “A”, corresponden aos seguintes licitadores :

1. ESQUEIRO, S.L.
2. GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
3. HALLMANN ENERGIE, S.L.
4. INSATEL INSTALACIONES, S.L.

**03. NORMATIVA** Relacionase a continuación o conxunto de normas más significativo, que condicionan basicamente esta actuación:

1. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014
2. Real Decreto 1098/2001 del 12 de outubro polo que se aprobado Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e posteriores modificacións aprobadas polo Real Decreto 773/2015 de 28 de Agosto.
3. Demais normativa concordante que resulte de aplicación.

**04. CRITERIOS DE VALIDACIÓN E DESENROLO**\_Os criterios de adxudicación serán os esixidos no apartado 8.2) do prego de cláusulas administrativas particulares, en concreto os referentes a :

- A) Programa de traballo**
- B) Subcontratación con centros especiais de emprego de iniciativa social**

As referencias técnicas a valorar serán aquelas que atendan as propostas esixibles no Prego de Condicóns da Contratación; as puntuacóns máximas conforme aos criterios de valoración considerados serán as seguintes:

A.-Programa de Traballo: ata 10 puntos

| CONTIDO. PONDERACIÓN                                                                                                  | PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN % |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|
| Ofertas que presenten un programa de traballo con unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra. | Ata 100%                         |
| Ofertas que presenten un programa de traballo con unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.        | Ata 65%                          |
| Ofertas que presenten un programa de traballo con unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.           | Ata 30%                          |
| Ofertas que presenten un programa de traballo con unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra. | 0%                               |

B.- Subcontratación con centros especiais de emprego de iniciativa social: ata 15 puntos

| CONTIDO. PONDERACIÓN                                                                                                                                                                                             | PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN % |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|
| Ofertas que presenten un acordo con un centro especial de emprego de iniciativa social no que se reflexe o compromiso por parte do licitador a subcontratarlle un importe mínimo do 15% do valor da man de obra. | 100%                             |
| Acordo con importe inferior                                                                                                                                                                                      | 0%                               |

Con referencia aos criterios de validación e aos seus contidos, os seguintes comentarios e puntuacóns:

**ESQUEIRO, S.L.**

PROGRAMA DE TRABALLO:

- Analízase de forma suficiente as posibles afeccións ao territorio, servizos e persoas.
- Describese tecnicamente de forma suficiente os traballos a realizar.
- Menciónase unha disposición moi abundante de elementos auxiliares nos bordes de calzada para a realización dos traballos.
- Defínese de forma suficiente a circulación de persoal e maquinaria na obra.
- Comprométese ao emprego de materiais con calidade suficiente.
- Preséntase un diagrama de Gantt axeitado; non se presenta o diagrama de PERT.
- Indícase unha disposición de medios humanos notable.
- Relaciónnase una lista de medios materiais asignados á obra por encima do mínimos, de xeito escaso.

SUBCONTRATACIÓN CON CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL:

- Preséntase un acordo asinado polas partes con un compromiso de contratación superior ó 15% fixado como mínimo.

A súa puntuación é a seguinte:

| PT  | SUBCONTRATACIÓN<br>CON C.E.E.I.S. | TOTAL |
|-----|-----------------------------------|-------|
| 7,7 | 15                                | 22,7  |

**GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS, S.L.**

PROGRAMA DE TRABALLO:

- Analízase de forma escasa as posibles afeccións ao territorio, servizos e persoas.
- Describese tecnicamente de forma escasa os traballos a realizar.
- Non se menciona unha disposición de elementos auxiliares no borde da calzada para a realización dos traballos.
- Defínese de forma suficiente a circulación de persoal e maquinaria na obra.
- Comprométese ao emprego de materiais con calidade suficiente.
- Preséntase un diagrama de Gantt e PERT axeitado.
- Indícase unha disposición de medios humanos suficiente.
- Relaciónnase una lista de medios materiais asignados á obra por encima do mínimos, de xeito suficiente.

SUBCONTRATACIÓN CON CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL::

- Preséntase un acordo asinado polas partes con un compromiso de contratación superior ó 15% fixado como mínimo.

A súa puntuación é a seguinte:

| P.T | SUBCONTRATACIÓN CON C.E.E.I.S. | TOTAL |
|-----|--------------------------------|-------|
| 5,3 | 15                             | 20,3  |

#### HALLMANN ENERGIE, S.L.

##### PROGRAMA DE TRABALLO:

- Analízase adecuadamente as posibles afeccións ao territorio, servizos e persoas.
- Describese tecnicamente de xeito completo os traballos a realizar.
- Menciónase unha disposición suficiente de elementos auxiliares nos bordes de calzada para a realización dos traballos.
- Defínese de forma suficiente a circulación de persoal e maquinaria na obra.
- Comprométense ao emprego de materiais con calidade suficiente.
- Preséntase un diagrama de Gantt axeitado; non se presenta o diagrama de PERT.
- Indícase unha disposición de medios humanos notable.
- Relaciónnase una lista de medios materiais asignados á obra por encima do mínimos, de xeito notable.

##### SUBCONTRATACIÓN CON CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL::

- Preséntase un acordo asinado polas partes con un compromiso de contratación superior ó 15% fixado como mínimo.

A súa puntuación é a seguinte:

| P.T | SUBCONTRATACIÓN CON C.E.E.I.S. | TOTAL |
|-----|--------------------------------|-------|
| 8,4 | 15                             | 23,4  |

#### INSATEL INSTALACIONES, S.L.

##### PROGRAMA DE TRABALLO:

- Analízase moi adecuadamente as posibles afeccións ao territorio, servizos e persoas.

- Describese tecnicamente de xeito completo moi completo os traballos a realizar.
- Menciónase unha disposición moi abundante de elementos auxiliares nos bordes de calzada para a realización dos traballos.
- Defínese suficientemente a circulación de persoal e maquinaria na obra.
- Comprométese ao emprego de materiais con calidade suficiente.
- Preséntase un diagrama de Gantt axeitado; non se presenta o diagrama de PERT.
- Indícase unha disposición de medios humanos suficiente.
- Relaciónase una lista de medios materiais asignados á obra por encima do mínimos, de xeito suficiente.

SUBCONTRATACIÓN CON CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL::

- Preséntase un acordo asinado polas partes con un compromiso de contratación superior ó 15% fixado como mínimo.

A súa puntuación é a seguinte:

| P.T | SUBCONTRATACIÓN CON C.E.E.I.S. | TOTAL |
|-----|--------------------------------|-------|
| 8,9 | 15                             | 23,9  |

**05. CONCLUSIÓNS** Resultando como resume a seguinte puntuación:

| LICITADOR |                                      | PUNTUACIÓN TOTAL |
|-----------|--------------------------------------|------------------|
| 1         | ESQUEIRO, S.L.                       | 22,7             |
| 2         | GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | 20,3             |
| 3         | HALLMANN ENERGIE, S.L.               | 23,4             |
| 4         | INSATEL INSTALACIONES, S.L.          | 23,9             |

Este é o informe que queda sometido as opinións mellor fundadas, emitidas para o órgano de contratación no procedemento aberto que ten por obxecto o contrato da obra denominada **RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR EN DUMBRÍA** co fin de que conste para os efectos oportunos e asínase polo técnico, Xesús M. Dubra Liste.

Dumbría a 8 de novembro de 2019.

